

## COMENTARIO DUNHA OBRA DE ARTE DO GÓTICO

Debedes analizar unha **obra de arquitectura de estilo gótico** seguindo o modelo de comentario que tedes no cadro. Podedes centrar o comentario en edificios ou partes concretas dos mesmos (fachada, interior, portada...). Algúns exemplos que podedes empregar son os seguintes (pódese escoller outro):

GALICIA: *Interior da Igrexa de Santa María de Oseira (Cea, Ourense), a portada da Catedral de Tui, a Igrexa de San Francisco de Betanzos, Colexiata de San Pedro de Muros...*

ESPAÑA: *Catedral de Burgos (fachada), Catedral de León (interior), Catedral de Toledo, Catedral de Barcelona, Catedral de Girona...*

EUROPA: *Catedral de Reims (Francia), Catedral de Notre Dame (París), Santa Capela (París), Catedral de Chartres (Francia), Catedral de Milán (Italia), Catedral de Colonia (Alemaña), Catedral de Salisbury (Inglaterra)...*

### MODELO A SEGUIR PARA O COMENTARIO (APARTADOS)

|                 |                                                                                                                                                                                                                                                           |
|-----------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| IDENTIFICACIÓN  | <i>Aquí debedes incluír o nome do edificio, cando se construíu (cronoloxía), estilo ao que pertence (gótico) e autor se aparece...</i>                                                                                                                    |
| ANÁLISE DA OBRA | <i>Neste apartado hai que describir o edificio ou a parte concreta do edificio (ex.- fachada, interior, portada....) citando as partes e os elementos característicos do estilo (arco apuntado, arcobotantes, altura, vidreiras, luminosidade, etc.).</i> |
| CONCLUSIÓN      | <i>Por último, debe facerse mención á época (contexto) e á importancia do edificio no seu momento. Aspectos como o crecemento da cidade na que se atopa, que o gótico é un estilo urbano, etc.</i>                                                        |

**IMPORTANTE:** A actividade non consiste en copiar de internet un montón de información sobre a obra, senón en sinalar os elementos máis destacados e empregar a información e o vocabulario traballado en clase.

*P.D.- Igual que coas actividades da semana pasada, esta actividade pode realizarse no caderno e mandar as fotos por correo, ou co ordenador e subila ao Drive ou enviala por mail.*